

Reunión Extraordinaria do Consello Forestal Galego do 1 de febreiro de 2021

Asiste pola FEG: José Luis Castro Baleato

Orde do día:

Presentación da proposición de Lei de recuperación da Terra Agraria de Galicia.

Trátase dunha proposición de lei presentada polo Partido Popular no Parlamento de Galicia, no que está en proceso de estudo, e nos enviaron a toda presa a convocatoria ao Consello. Trátase dunha curiosa forma, probablemente ilícita, de poñer o Consello Forestal ao servizo dunha proposición partidista.

Por desgraza, tiveron moitos problemas na conexión e non puideron seguir a presentación en si, despois no debate non tiveron problemas.

Trátase dunha Lei cun texto moi revirado, difícil de entender.

Pese a que definen o que é un terreo abandonado ou infrautilizado, na práctica a definición é máis ampla. Do pouco que lle oín, sempre poñen o exemplo de aqueles terreos sen dono, dono descoñecido ou que os seus donos non saiban que teñen ese terreo. Coido que o problema é que non hai ningún criterio para definir e declaralo como tal. De feito, no texto pódese declarar como terreo abandonado ou infrautilizado, un terreo que NON SE ADIQUEN aos usos que establezan os Plans agrícolas ou forestais dunha zona. Dado que calquera persoa pode denunciar un terreo como abandonado, penso que sexa unha declaración suxestiva é perigoso. Ademais, sobre todo no eido forestal, un bosque natural/naturalizado pode declararse en abandono sen ningún problema.

Pese a que na exposición de motivos, inclúen dentro da motivación os documentos: “a Estratexia sobre Biodiversidade para 2030” e o “Pacto Europeo pol Clima”, non vexo que contribúa en nada nestes temas.

Despois de insistir se propuxo un calendario para poder presentar achegas, pois sempre que poden déixase a cuestión no aire e sen concretar. Este procedemento quedou como un procedemento interno do Consello Forestal, no que a Xunta queda coma un intermediario do Grupo Parlamentar Popular, de aquelas achegas que eles consideren oportunas.

Nos prazos sinalados, A FEG presentou diversas alegacións, este documento, paralelamente, se lles fixo chegar aos grupos parlamentarios da oposición.